

Presentación do número

*Neste número da revista **ambientalMENTEsustentable** recóllense unha serie de reflexións e propostas onde a educación ambiental é a protagonista. Ante a problemática ambiental, os modelos inxustos de desenvolvemento e as prácticas insostibles de xestión do medio, a educación ambiental preséntase como un necesario instrumento de intervención social, que axuda a definir novos actores a de “resignificar” o mundo.*

Ante a crise do coñecemento e o distanciamento entre a ciencia e a toma de decisións, é preciso unha análise en profundidade da complexidade ambiental, aspecto que abordará Enrique Leff para dar pistas sobre a reapropiación social do mundo e da natureza. Máis tamén é importante non esquecer as experiencias individuais: das análises “macro” as “microanálises” de man de Isabel Carvalho que introduce a análise narrativa como metodoloxía de investigación no campo ambiental. E é que a investigación sigue a ser un reto no ámbito da educación ambiental, onde –como presenta José Antonio Caride– hai numerosas prácticas e pouca reflexión desde a perspectiva educativa. Precisamos saber como acontecen os cambios sociais, como se mudan os comportamentos e como se adquiren hábitos proambientais, é dicir, profundar nas alternativas pedagóxicas fronte aos graves problemas ambientais.

Na procura de presentar experiencias e proxectos que permita ilustrar estas alternativas pedagóxicas, recóllense programas baseados na participación social de colectivos e individuos fronte a problemas ambientais concretos, así como propostas de comunicación estratéxica para a conservación de áreas naturais –como é a interpretación do patrimonio–, o papel que poden ou deben desempeñar recursos tan propios da educación ambiental como son os equipamentos, a potencialidade dos centros de documentación ambiental, a estimación da pegada ecolóxica nos centros de ensino ou como abordar o cambio climático desde o sistema educativo formal.

Unha vez máis, este novo número pretende divulgar os esforzos de investigación, análise e reflexións que se están a facer no ámbito educativo, tendo como escenario o mundo lusófono e Galicia, máis coa necesaria perspectiva de recibir aportacións desde outras realidades e chegar a calquera persona que estea a investigar neste ámbito de intervención.

Consello de Dirección